

RESOLUCIÓN DA OFICIALÍA MAIOR POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS AO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO NO SERVIZO DE ASISTENCIA PARLAMENTARIA.

O 19 de maio de 2025, publicouse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no concurso e de conformidade coas bases da concurso aprobadas xunto coa convocatoria,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de aspirantes admitidos provisionalmente:

Apelidos e nome	DNI
López Gómez, Marina	***6719**

Relación de aspirantes excluídos provisionalmente:

Non hai.

SEGUNDO. Publicar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, na páxina web do Parlamento de Galicia.

As persoas excluídas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio na sede electrónica, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión quedarán definitivamente excluídas.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O letrado oficial maior.